

SAÚDO DA SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE, MARTA MÍGUEZ TELLE, CON MOTIVO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BALONMÁN EN IDADE ESCOLAR

O balonmán é un deporte novo, de principios do século XX pero para remontarnos ás súas orixes debemos acudir á antiga Grecia e á Roma clásica. O xogo da pelota coas mans acompañou ao ser humano desde que este descubriu a capacidade de divertirse a través da actividade física, sendo o balonmán unha das modalidades máis modernas e sofisticadas.

A evolución desta modalidade ata o momento actual foi meteórica. En Galicia é a sétima federación deportiva que conta con maior número de participantes e queremos que esta cifra siga a medrar. Para acadar este obxectivo, desde a Xunta de Galicia apoiámonos no noso programa Xogade que xunta todos os xogos galegos deportivos en idade escolar. A presenza do balonmán, tanto na actividade escolar como na federada, é inescusable para os nosos cativos.

Como o xogo de pelota coas mans acompañou ao ser humano desde os inicios dos tempos, a actividade física debe acompañar aos nosos rapaces desde as idades máis temperás. O máis importante pensador chinés, Confucio, estableceu a imitación como un dos camiños que conduce á sabedoría. En Galicia temos a sorte de ter moitos espellos para que os nosos pequenos atopen referentes para triunfar na sociedade, na educación, no traballo e tamén no deporte.

Galicia é unha terra de balonmán. Unha terra de guerreiros e guerreiras que tantas alegrías nos teñen dado. Falo dos maravillosos anos de finais dos 90 cando coincidiron na Liga máis importante de España e unha das máis potentes do mundo -a Asobal- catro equipos galegos da provincia de Pontevedra: o Teucro, o Cangas, o Octavio e o Chapelá. Unha tempada máxica que será lembrada por sempre.

Pero non hai que remontarse tan atrás para atopar un dos maiores fitos da historia do balonmán galego. Un grupo de mulleres reunidas nunha pequena vila de apenas 10.000 habitantes situada no recuncho máis meridional da provincia de Pontevedra, leva moitos anos regalando aos nosos nenos, en particular, e a toda a poboación, en xeral, unha mensaxe de deporte, de constancia, de sacrificio, de garra e, sobre todo, de igualdade. O pavillón da Sangriña xa está afeito a vibrar coas xestas das súas xogadoras pero, sobre todo, coa tempada 2016/2017 na que se proclamaron campioas da División de Honra do Balonmán.

Facer felices aos nenos de Galicia a través do xogo é a nosa obriga, podelo facer a través de exemplos como os das xogadoras do Guardés ou doutras galegas como a medallista olímpica Begoña Fernández é algo extraordinario.

Non podía ser outra comunidade máis que Galicia e outra provincia máis que Pontevedra a que acolla a este Campionato de España de Balonmán en Idade Escolar para as categorías infantil, cadete e xuvenil. Un premio en recoñecemento a todo traballo que esta humilde terra chamada Galicia e as súas institucións como a Federación Galega de Balonmán teñen feito polo deporte.